

# O SANCOSMEIRO

REVISTA ESCOLAR Nº 34

C.E.I.P. VÍCTOR SÁENZ

CURSO 2021 - 2022



# INTRODUCCIÓN

Mientras tomábamos un primer café escuchando la radio, me preguntó:  
-La meteorología, como todas las ciencias, dicen que nos ayuda a progresar, pero ¿es un progreso dejar de interpretar el cielo?

Gustavo Duch, *Cuentos del progreso*

O Sancosmeiro, a nosa revista escolar, chega ao número 34. Nesta ocasión cheíña de noticias relacionadas co espazo e o universo, xa que ese foi o tema do proxecto que a biblioteca propuxo no mes de setembro. Desde entón, todo o profesorado e alumnado tratou de ampliar os seus coñecementos sobre algo tan atractivo como coñecer esa inmensidade da que formamos parte. Ao mesmo tempo, botouse a andar tamén un proxecto sobre as rapazas nas TIC e un máis sobre o sancosmeiro. Por iso, ao longo das seguintes páxinas poderedes ver un resumo dos obradoiros, charlas, visitas, etc., que fixemos durante estes meses para acadar os obxectivos que pretendíamos. Ao mesmo tempo, participamos tamén noutras actividades que foron xurdindo ao longo do curso, así como naquelas que xa forman parte do actividade cotiá do cole (mochilas viaxeiras, emisións de Radio Rosiña, plantacións do invernadoiro, etc.). E outras, afortunadamente, que puidemos ir recuperando: obradoiros presenciais, actividades grupais, excursións...

Este curso, ademais, o colexio celebrou o seu 50 aniversario. Por este motivo, a portada da revista está adicada ao mural que agora decora unha das fachadas do ximnasio, no que ademais tamén participou parte do alumnado.

Desexamos que cando a vexades vos transmita o mesmo que a todas as persoas que colaboramos na súa preparación, destacando especialmente a ilusión por seguir aprendendo, superando dificultades e esforzándose para conseguir que os camiños destes nenos e nenas, cheguen ou non á lúa, estean sempre cheos de curiosidade e infinitas ganas por aprender.

## FELIZ VERÁN!!!

O profesorado do CEIP Víctor Sáenz

# SAMAÍN ESPACIAL

O Samaín é unha data moi esperada para todas e todos. Como cada ano, organizamos moitas actividades.

A primeira delas foi o Concurso de cabzas. Os nenos e nenas e as súas familias crearon múltiples obras de arte, como sistemas solares e constelacións. Este ano os premiados foron Martiño, Ángel, Aroa e Uxía. Parabéns polas vosas cabzas espaciais!

Ademais, os nenos e nenas prepararon uns petiscos riquísimos!



Tamén houbo o Concurso de relatos. Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria sorprendéronnos con tres contos terroríficos: “A bruxa Catuxa”, “A pantasma máis torpe” e “Estreliña e Juan”. Polo seu gran traballo, cada grupo recibiu tres premios colectivos. En 3º e 4º, o relato gañador foi “Unha aventura terrorífica nun planeta descoñecido chamado Ceres” e, en 5º e 6º, “A fin da galaxia”. Parabéns Luzdivina o Mai polas vosas fermosas historias!



Para acabar de celebrar o Samaín, gozamos dos xogos populares que nos organizou a Compañía Dinamo. Pasámolo xenial!



A gran maioría destes xogos estaban feitos, con materiais que podemos atopar facilmente nas nosas casas. Así que animádevos a fabricalos en familia! Será moi divertido!

# O MAGOSTO CON ANXO MOURE

Un ano máis coa chegada do San Martiño, chegaba tamén a celebración do **MAGOSTO**, unha das festas tradicionais máis bonitas do outono!!! Neste curso ademáis de disfrutar das castañas, contamos tamén coa compañía de **ANXO MOURE**, un dos nosos contacontos preferidos.



Anxo chegou ao colexio na súa “**CICLOBIBLIOTECA**” cargada de contos, e baixo o noso castiñeiro, compartiu con nós, nunha tarde solleira, historias, cancións, poemas e sorrisos...e ata un “**atrapacontos**” que deixou no cole.

Como sempre, Anxo deu voz ás árbores do bosque, ás que debemos coidar, disfrutar e mesmo abrazar!!! Foi unha xornada ben fermosa, da que dan constancia estas imaxes.

Poucos días despois, recibimos unha **cartiña** moi especial...de Anxo. Si, Anxo escribiunos desde Chantada, a onde regresou coa súa bicicleta cargada de libros, e desde alí adicounos estas palabras:

**“Bos días dende o Val do Asma, terras de Chantada.**

**Aquí vai o grande agradecemento unha vez máis á vosa xenerosidade, cariño, tenrura, conversa, confianza..., e todo o que nos fai sentir que este mundo pode ser mellor grazas a proxectos coma o voso que incluíu gastronomía, contos, cantos.**

**Grazas Antes, grazas Mazaricos e, sobre todo, grazas nenas e nenos porque non sabedes o**

**que significa que cando un contacontos entra polo pasillo dunha escola xa lle chamen polo seu nome como se fora da familia, do lugar ou da escola, un agasallo inesquecible.**

**Apertas”**

**Anxo**





# CONCURSO DE POSTAIS

Este ano o Concurso de postais inundouse de elementos espaciais. Constelacións, sistemas solares e foguetes invadiron as vosas creacións. Todas e todos debuxástedes unhas ideas fantásticas! Seguro que os seres queridos que recibiron as vosas postais, quedaron encantados ao velas!

En cada aula eliximos unha postal gañadora. As premiadas foron...



Juan (3-4 anos)




Carmen (5 anos)



Zaira (1º e 2º)



Paula (5º e 6º)



Alicia (3º e 4º). A súa postal foi a representante do colexio.



En hora boa rapaces e rapazas!



# ENTROIDO, MANDADIÑOS, KOTE MALABAR E O SEU CIRCO E "A QUEIMA DO MECO E DOS MEDOS"



Este ano foi un pouco diferente, pero aínda así **"O MECO"** fixo co disfrutáramos do mellor xeito posible. Como en outras ocasións tivo en conta o tema do proxecto, polo que **"OS MANDADIÑOS"** de cada día estaban relacionados co Universo. Así animámonos durante toda a semana a traer

diferentes complementos como vir cheos de estrelas, con gafas enormes, con capas,



vestidos de branco e negro e con gorros ben orixinais.





Pero aínda houbo máis. No derradeiro día dos mandadiños, e xa que non poidemos celebrar o festival de Entroido, como era costume, trouxemos ao cole unha actividade moi divertida: **“KOTE MALABAR”**, un rapaz que leva case 20 anos facendo rir e disfrutar a todo o público, combinando técnicas de circo con teatro cómico, malabares e

mesmo foi capaz de tragar lume. Fixo as delicias de nenos, nenas, mestres e familias que asistiron a este espectáculo circense no ximnasio do colexio.



Xa como remate desta festa de

Entroido, e como é costume, levamos a cabo **“A QUEIMA DO MECO”**. Nesta ocasión ademáis falamos nas titorías

sobre **“OS MEDOS”** que temos

e mesmo chegamos a debuxalos e poñerlles nome, para metelos nunha caixiña que tamén queimamos xunto co Meco, o primeiro día de

bo tempo despois das vacacións de Entroido.



# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER RURAL

O 15 de outubro celebramos o Día Internacional da Muller Rural facendo unha homenaxe a todas esas mulleres que nos facilitan tanto a vida. Porque valoramos moito o seu esforzo, a súa adicación e porque nos sentimos moi orgullosas delas. Tamén porque nos parece un traballo moi digno, nun entorno privilexiado e gustaríanos que todas as nenas do cole que soñan con traballar no rural o teñan máis doado.



Como podedes ver na imaxe, tendo en conta o proxecto deste ano, ilustramos entre todo o alumnado á deusa da agricultura para os romanos: Ceres. Que á súa vez dá nome a un planeta anano do sistema solar. Por iso, tamén construímos planetas ananos feitos con diferentes cereais.

# DÍA DAS BIBLIOTECAS

As bibliotecas esconden un dos tesouros máis prezados para nós: os libros. A través deles podemos adentrarnos en mundos imaxinarios, aumentar os nosos coñecementos sobre unha temática que nos resulte interesante... Como son tan importantes, cada 24 de outubro celebramos o “Día das bibliotecas”. Nesta ocasión visitounos Alba Bermúdez, que nos contou unha chea de historias moi interesantes!



# DÍA CONTRA A VIOLENCIA CARA A MULLER

Un ano máis o 25 de novembro é necesario falar da problemática que segue a rodearnos día a día: a violencia cara a muller. Recordamos a necesidade de cambiar e denunciar todos aqueles actos que non permiten que as nenas e as mulleres de calquera lugar do mundo brillen libremente.



Para que este recordatorio estea presente no noso día a día creamos un mural para o corredor do cole. Enchemos o ceo de estrelas decoradas cos nomes das nenas do cole, nais, avoas, mestras e outras mulleres importantes da nosa vida. Titulámolo “DEIXÁDEAS BRILLAR”, coma se dun universo cheo de esperanza e liberdade se tratara.



Ese día tamén o adicamos a facer varios obradoiros nas diferentes aulas.



# DÍA DA PAZ



Para os romanos, Marte era o deus da guerra, e adoita representarse como un guerreiro forte e alto con armadura, casco, lanza e escudo. Tiña tamén outras funcións (deus da cultura, da fertilidade, da vida nos campos, da vexetación e do gando). Os seus símbolos eran o lobo e o peto.

O seu nome en latín, *Mars*, deu lugar a un planeta do sistema solar –Marte-, ao segundo día da semana –martes- e a un dos meses do ano –marzo-, considerado ademais polos romanos o primeiro mes do calendario.

No cole ocorréusenos transformar a este deus da guerra no deus da paz, e para iso cambiamos todos os seus símbolos por outros moito máis pacíficos: o casco transformárono en 3º e 4º nun sancosmeiro; o escudo cambiárono na aula de 5 anos de infantil por unha pelota de praia; a parte superior da armadura foi substituída en 1º e 2º por unha vestimenta de flores cheas de cor, e a inferior mudárona en 5º e 6º por elementos naturais como a palla ou as follas; por último, a lanza foi transformada na aula de 3 e 4 anos de infantil con grande imaxinación: un xigante ramo de flores!



Xunto co Día da Paz, tamén celebramos a Carreira Save the Children. O acto tivo lugar no corredor do cole, onde o alumnado de 5º e 6º preparou unha exposición para falar dos países aos que a citada ONG adicou esta edición: Etiopía, Somalia e Kenia.

Os tres países citados son só un exemplo do que, desafortunadamente, sucede en moitos lugares do mundo. Entre os problemas que mencionaron as nenas e nenos de 5º e 6º, sinalaron:

- os conflitos bélicos que acaban coa vida de moitos animais e persoas, así como con todo o que construíron para poder vivir (vivendas, hospitais, escolas, pontes, etc.);
- as longas secas, e a grande contaminación na pouca auga que hai;
- unha grave desnutrición;
- non teñen acceso á educación, xa



que son moitas as escolas que teñen que pechar, e outras quedan tan lonxe que as nenas e nenos non poden percorrer esas distancias;

-o cambio climático, co seu aumento das temperaturas e a subida do nivel do mar, tamén lles está afectando gravemente, como ao resto do planeta, pero nestes países máis vulnerables as consecuencias son aínda máis duras;

-e, por enriba, a covid-19!!!




A carreira, que celebramos no patio do cole, rematou coa recadación de cartos que foron ingresados na conta da ONG Save the Children.



# DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

## “LANZA O TEU PENSAMENTO CON FORZA AO FIRMAMENTO”

Con esta fermosa mensaxe celebramos este ano o día dunha das poetas e mulleres máis importantes da nosa cultura, Rosalía de Castro. Partindo da proposta da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e o tema do proxecto deste curso (o universo), todos os cursos expuxeronas súas distintas creacións centrándose nos pensamentos, as flores favoritas de Rosalía. Estes foron algúns dos maravillosos resultados!



Todo o centro quedou cuberto de pensamentos e poemas

E como non podía ser doutra forma, a música tamén nos acompañou nesta data tan especial ao cargo de Marcos Truque Matruque. Puidemos bailar e cantar distintos poemas de Rosalía ao ritmo de varios instrumentos e estilos musicais.





# ENTRE BECHOS ANDA O CONTO, CON TONE MARTÍNEZ

Con motivo do Día do libro convidamos a Tone Martínez a pasarse pola nosa biblioteca e compartir coas nenas e nenos unha chea de contos e tamén de bichos, da súa propia colección!



Todos disfrutamos moito dos que interpretou como *A Mosca chosca* ou *O grilo Millelo*... E tamén doutras outras historias que lle contou e viviu con súa madriña e que



quixo compartir con nos, xa que ela foi a que lle ensinou a importancia de respectar e coidar o medio ambiente e lle inculcou ese amor polos “bechos” como ela lles chamaba.

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Este ano o Día das Letras Galegas estivo adicado ao ourensán Florencio Delgado Gurriarán. As nenas e nenos do

centro realizaron varias actividades para coñecer detalles sobre a súa vida, a súa

traxectoria e, por suposto, coñecer algún dos seus poemas. Aquí deixamos un dos nosos favoritos escollido polo alumnado.



*Nenas, vinde á pandeirada,  
Que sinto, no peito o adufe  
do meu desexo, rapazas.*

*Os ollares churrusqueiros  
son mans a bater no adufe  
que anda a soar no meu peito.*

*Nenas, vinde á pandeirada,  
a pór acordes co adufe  
as ferreñas das risadas.*

Para seguir celebrando este día tamén tivemos o pracer de coñecer a Mario e a Toupiña, da compañía de tatro “A xanela do Maxín”. Gracias a eles convertemos a nosa biblioteca nun laboratorio para darnos conta o importante que é a lectura. A través dela podemos descubrir experiencias moi interesantes e incluso realizar experimentos! As alumnas e alumnos pasaron un rato divertidísimo!



## “DJ MAKEY MAKEY”

**Afundación** achegou un obradoiro moi interesante ao alumnado de 3º a 6º de Primaria titulado *DJ Makey Makey*. Consistiu nunha actividade STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts and Maths) e impartírona Vanesa e Laura, que partiron do concepto de sinestesia para propoñer ás nenas e nenos un traballo de poesía creativo e divertido.



A **sinestesia** non ten nada que ver cunha enfermidade, senón coa facultade para mesturar e combinar sensacións. É dicir, unha persoa sinestésica ve sabores, escoita cores ou toca olores, por exemplo. Pode parecer increíble, pero o certo é que moitas poden selo e descoñéceno (hai estudos que falan de entre o 1% e o 4% da poboación mundial), porque prestamos pouca atención á maneira na que percibimos o noso entorno. Sen embargo, a sinestesia pode potenciar a creatividade e mellorar a memoria.

Entre persoas famosas con sinestesia atópanse pintores (V. Van Gogh ou W. Kandinsky), actrices (Marilyn Monroe), cantantes (Lady Gaga ou Stevie Wonder) e un bo número de músicos (A. Scriabin, O. Messiaen, D. Ellington). E quen sabe se algunha de nós...



## “PROGRAMANDO O UNIVERSO”

Dirixido tamén aos grupos de 3º, 4º, 5º e 6º foi este obradoiro impartido por Eloy (*Naturnova*). Ademais de repasar algunhas das características dos planetas do sistema solar (tamaños, composición, distancias, satélites, etc.) idearon un ao que puxeron nome, describírono brevemente e programárono empregando unha aplicación gratuíta chamada *Scratch*, que xa moitas das nenas e nenos do cole coñecen.



## CINE 360°

O día 18 de marzo recibimos no cole a Pau, que chegou desde Xixón co seu **planetario inchable** para amosar ao alumnado de Infantil e Primaria varias **películas** sobre o Universo e o noso planeta.



Ao rematar os filmes, Pau proxectou tamén varias imaxes de estrelas, constelacións e planetas, mentras ía contando aos nenos e nenas algunhas das súas características. Como remate da actividade, fixemos un **obradoiro de astronáutica** no patio, onde todo o alumnado lanzou un foguete con toda a súa forza, ademais de realizar un xogo sobre o sistema solar. Seguro que non esqueceremos todo o que aprendimos ese día.



# PENEIRANDO EMOCIÓN

A principios de abril realizamos todos os grupos do cole un obradoiro sobre as emocións. Traballamos a intelixencia emocional a través de varios contos comentando as diferentes situacións que neles se relatan.



E é que xestionar as nosas emocións é un dos aspectos que, como seres humanos, non debemos ignorar.



# OBRADOIRO DE ASTRONOMÍA



O 4 e o 5 de maio, viñeron ao cole **Suso e Amparo**, as persoas que forman "**Ciencia en movemento**" e que xa coñecemos de cursos anteriores. Nesta ocasión, trouxeron varias propostas relacionadas co **universo**, xa que é o tema sobre o que estamos centrándonos este ano. O luns día 4 asistiron ao mesmo o alumnado de 3º a 6º de Primaria, e o martes día 5 tocoulle a quenda ás aulas de Infantil e 1º e 2º de Primaria.

A través das fotos podeades lembrar todo o que nos contaron sobre o sistema solar, algunhas curiosidades dalgúns planetas, as fases da lúa, a importancia dos avances científicos para coñecer o espazo, etc. E tamén houbo tempo para realizar algún experimento moi interesante



# ILUSTRACIÓN BAIXO O MAR

Tivemos o pracer de ter no centro a Sara Carrasco e Silvia Iglesias, dúas rapazas que forman a cooperativa 13 Grados. Trátase dun proxecto que dende a educación ambiental ensínanos tanto as paisaxes mariñas das nosas rías coma a súa conservación. Neste caso foi a través dun obradoiro de ilustración científica.




Primeiro pudemos ver o fondo marino con distintos animais e fauna mariña.



Despois as rapazas e rapaces puideron aprender varios trucos para debuxar algúns animais mariños.



Para rematar, coa axuda de Silvia e Sara, pintaron os seus debuxos con acuarelas. Quedaron auténticas obras de arte mariñas coma estas!



# VISITA DO FÍSICO JORGE MIRA

## A QUE ALTURA ESTÁ O CEO?

O 23 de maio e en relación a nosa proxecto anual “Astronomía”, vistounos o científico **Jorge Mira**. Jorge, apaixonado do universo, nun dous libros que ten publicados *A que altura está o ceo?* explica as distancias que existen entre os diferentes elementos do universo, planetas, estrelas, galaxias... Con nós falou sobre os **tamaños** dos planetas que forman o **sistema solar**, comparando uns con outros, así como coa estrela máis grande arredor da cal xiramos: o Sol. Ademais de falar dos seus tamaños, Jorge tamén quixo axudarnos a imaxinar as enormes **distancias** que hai entre uns planetas e outros, así como entre os planetas e o Sol. Para iso, saímos ao patio do cole, e representando ao Sol cunha laranxa, comezamos a medir -coa axuda dun metro- a separación á que estarían Mercurio, Venus, a Terra, Marte, Xúpiter, Saturno e Urano. Neptuno xa non foi posible situalo, xa que teriamos que saír á estrada xeral.





# JOSEFINA LING

## EXPOSICIÓN MULLERES ASTRÓNOMAS

O 9 de marzo, e para conmemorar o día da muller e tamén para falar sobre o proxecto



Josefina estivo contándonos como comezou a interesarse por este tema tan fascinante e explicándonos en que consistía o seu traballo no **Observatorio Astronómico Ramón María Aller** (Santiago de Compostela), centrado na observación das **estrelas dobres**

deste curso, estivo connosco **Josefina Ling**, unha experta en astronomía.

Confesounos a súa emoción cando descubriu unha destas estrelas, na constelación de Casiopea, que agora leva o seu nome: Ling 1.



Falounos tamén dalgunhas das vidas de grandes **astrónomas**, como Carolina Herschel, Jocelyn Bell ou a galega Antonia Ferrín Moreiras, que forman parte da **Exposición Astrónomas** que ela inaugurou e que estivo exposta 2 semanas no colexio

AstrónomAs é unha exposición patrocinada pola FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía) e a SEA (Sociedade Española de Astronomía), en Galicia coordinada pola propia Josefina que busca poñer en valor o papel e o traballo das mulleres na Astronomía



Ao final, o alumnado de 3º a 6º de Primaria tamén puido facerlle unha pequena **entrevista** para realizar un programa de radio adicado a esta importante muller que tivemos a sorte de coñecer. **Moitísimas grazas, Josefina, polo teu traballo e pola túa amabilidade con todas as persoas que compartimos esta día contigo!!!**

# RAPAZAS EMPRENDEDORAS NAS TIC

## (PLAN PROXECTA+)

Durante este curso escolar, os alumnos/as de educación primaria participaron no programa “Rapazas emprendedoras nas TIC” do Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Este tiña como obxectivo fomentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no alumnado e no resto da comunidade educativa, poñendo especial atención no rol das nenas, rapazas e mulleres como referentes deste sector e como creadoras de contidos.

Comezaron o proxecto elaborando un **vídeo** no que os nenos e as nenas de 3º a 6º explicaron



aspectos relacionados co **ámbito científico-tecnolóxico** e co proxecto (que é o emprendemento, que son as TIC, que actividades conxuntas ían realizar...).



Escanea o código QR para ver o vídeo.

Despois, asistiron a unha **charla** virtual sobre **ciberseguridade** dentro do ciclo de conferencias “Educación século XXI” de Afundación TV, na que Bernardo Viqueira Iles explicou como enfrentarse aos dispositivos dixitais que manexamos diariamente.



Ademais, todo o alumnado de primaria gravou un “**Rosiñapalabra**” con palabras do “A” ao “Z” relacionadas co campo da **ciencia** e da **tecnoloxía**.



Escanea o código QR para ver o vídeo.



Xa no segundo trimestre, o alumnado de 3º a 6º participou no obradoiro online “Círculos de confianza en Internet” do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), polo Día Internacional da Internet Segura.

Este alumnado tamén visionou as charlas online do programa “Unha enxeñeira ou científica en cada cole” organizado polo



Concello e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para celebrar o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. A súa finalidade era visibilizar ás enxeñeiras e científicas como referentes nas disciplinas do ámbito STEM, e foi impartido por investigadoras da USC e do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) como Eva Cernadas ou Josefina Ling.

Para celebrar o Día Internacional da Muller, fixeron unha actividade moi especial, que foi realizar unha exposición de traballos sobre mulleres relevantes do



ámbito científico-tecnolóxico, que cada neno/a do centro elaborou coa súa familia.



Durante a **Semana da Prensa**, o alumnado de 3º e 4º elaborou unha **noticia** sobre o proxecto que posteriormente gravaron en Radio Rosiña, para darlle publicidade a este entre o resto da comunidade educativa.



Para celebrar a **Semana do Libro**, todo o alumnado elaborou coa axuda das TIC un **conto viaxeiro** que leva por título “**Daniela, a inventora que cambiou o mundo**”. Ademais de

realizar o conto, tamén crearon un vídeo. De maneira complementaria, o grupo de 3º e 4º mesmo fixo unha lectura deste ante os compañeiros/as de 1º e 2º.



Escanea o código QR para ver o vídeo do conto.



Por outra banda, o alumnado de 5º retou ao

resto de alumnos/as de primaria con **retos matemáticos** mensuais que elaboraron empregando as TIC. Todos/as conseguiron resolvelos con éxito, polo que cada neno/a recibiu un diploma de “supermatemático/a”, que



os nenos/as de 5º lles entregaron persoalmente.

O 28 de abril foi o **Día Internacional das Rapazas nas TIC** e para celebrar esta data tan sinalada realizaron diversas actividades:

- **Exposición sobre mulleres que fixeron historia no ámbito da tecnoloxía**



como Ada Lovelace, Evelyn Berezin ou a galega Begoña Vila, na que recolleron información sobre estas mulleres e mesmo se podía escanear uns códigos QR para escoitar podcast que os nenos/as gravaron previamente en Radio Rosiña.

- **Coloquio online organizado polo CESGA**, no que Laura Martínez Calvo, Edita de Lorenzo, Dhaunae de Vir e Lucía Ardao, catro mulleres galegas que se adican ao campo das TIC, lles falan sobre as súas profesións.




- **Visita ao centro de familiares do alumnado de 3º e 4º para falar sobre a tecnoloxía**, na que Estefanía (nai de Paulina), Simón (pai de Lucía) e Mónica (nai de Alicia) nos explicaron como esta mellorou os seus traballos. Foi unha experiencia moi enriquecedora e mesmo aproveitaron para entrevistalos para Radio Rosiña, facendo despois un programa radiofónico.




- Elaboración dun **vídeo** no que as familias de todo o centro animan ás **nenas, rapazas e mulleres** a adicarse a profesións do **ámbito científico-tecnolóxico**, pois as profesións non teñen xénero e todos/as podemos ser o que queiramos ser.




Escanea o código QR para ver o vídeo.





Por último, para finalizar o proxecto, os alumnos/as de 3º a 6º realizaron unha **visita ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)**, onde ademais de visitar as súas instalacións, viron o novo Supercomputador FinisTerraE III, o cal multiplica por 12 a capacidade de cálculo do seu antecesor.





# PROXECTO DE APRENDIZAXE-SERVIZO

## “O SANCOSMEIRO”

O sancosmeiro é un sombreiro tradicional galego, elaborado con palla trenzada e cosida, orixinario da nosa parroquia, San Cosme de Antes, dende sempre gran produtora de cereais. Trátase dun sombreiro artesanal, que posúe un gran valor histórico e cultural, e que forma parte do noso patrimonio.

Actualmente, son moi poucas as persoas que saben elaborar este tipo de sombreiros, polo que esta parte da nosa cultura sofre o risco de desaparecer. Para resolver esta situación é moi importante que a infancia e a xuventude da zona aprenda e se interese polos sancosmeiros.

Por este motivo, o **alumnado de 3º e 4º de educación primaria** realizou este curso o **proxecto de aprendizaxe-servizo “O sancosmeiro”**, co obxectivo de promocionar e contribuir a darlle continuidade a este sombreiro artesanal tradicional como parte do patrimonio inmaterial da nosa parroquia que está en risco.



En primeiro lugar, elaboraron un **vídeo** no que nos falaban sobre o sancosmeiro.



*Escanea o código QR  
para ver o vídeo.*

Ademais, tamén convidaron ao resto de compañeiros/as do colexio a participar nun **obradoiro de elaboración de sancosmeiros** a cargo da asociación **Trenzarte**, que tivo lugar na Aula da Natureza que se atopa nas proximidades do colexio. Neste obradoiro, as artesás de Trenzarte ensináronnos a trenzar a palla e mesmo levamos connosco unha pulseira

trenzada que elaboramos coa súa axuda! Encantounos a experiencia e decatámonos do gran traballo que realizaban as nosas antepasadas e que agora realizan estas artesás, ao elaborar a man estas pezas de artesanía.



Tamén realizaron unha **fotografía** a todo o alumnado e persoal do centro vestindo un sancosmeiro, e con todas as fotografías tamén elaboraron un **vídeo**.



*Escanea o código QR  
para ver o vídeo.*

Despois disto, continuaron traballando no proxecto, organizando unha **exposición de promoción do sancosmeiro** que expuxeron tanto na **Casa da Cultura de Mazaricos (A Picota)** como no **colexio**.

Nela incluíron diversos traballos que realizaron previamente na aula:





*A exposición foi exposta tanto na Casa da Cultura de Mazaricos (A Picota) como no colexio.*

- **Paneis informativos** con información sobre o sancosmeiro que elaboraron empregando a ferramenta dixital Canva.
- **Conto viaxeiro “O sancosmeiro voador”** creado coa colaboración das familias, no que Uxía, Mariña, Pinta e Manchada (dúas nenas e dúas vacas de San Cosme de Antes) realizan unha espectacular viaxe polo fermoso concello de Mazaricos subidas nun sancosmeiro voador.



Escanea o código QR  
para ver o vídeo do  
conto.



- **Programa radiofónico sobre o sancosmeiro** no que podes escoitar un concurso de preguntas sobre este sombreiro no que participou o resto de alumnado do colexio, e unha pequena intervención por parte de Sandra Alvite, a presidenta da asociación Trezarte e concelleira de Cultura e Servizos Sociais do Concello de Mazaricos.
- **Caligramas sobre o sancosmeiro** elaborados polo alumnado, con poemas inventados por eles/as.



- **Cadros inspirados no sancosmeiro** realizados polo alumnado.



- **Concurso de preguntas sobre o sancosmeiro**, creado polo alumnado coa ferramenta dixital Kahoot.

Ademais, na súa viaxe á Picota para colocar a exposición na Casa da Cultura, tamén **visitaron** a **Casa consistorial** da man de **Juan Blanco**, o **alcalde de Mazaricos**, para coñecer as súas instalacións e funcionamento, así como para realizarlle unha pequena entrevista a este con preguntas feitas por eles/as e tamén polos compañeiros/as de 5º e 6º, para despois realizar un programa radiofónico para Radio Rosiña.



E, por último, recordade que a continuidade do sancosmeiro é responsabilidade de todos/as. Animádevos a seguir aprendendo!

# ROSIÑA CÓNTANOS

Este curso a nosa biblioteca tamén estivo moi centrada no universo, motivo polo cal moitos dos fondos que se mercaron estaban pensados en coñecer moito máis ese fascinante tema. Ademais, como podedes comprobar nas distintas seccións da revista, a grande parte das actividades xurdiron tamén dese centro de interés. Pero desde a biblioteca tamén se levaron a cabo outras propostas que, ao estar xa moi consolidadas, poden pasar máis desapercibidas. Sen embargo, implicarnos nelas fai que a ilusión pola súa realización non se esgote. E, se me permitides o atrevemento, nestes tempos que vivimos aínda é máis



Nas mochilas tamén podes atopar libros de arte, de manualidades, de receitas..., que podedes facer coas avoas e avós, con papá, con mamá, coas irmás e/ou irmáns...

necesario. A biblioteca, e as actividades que desde ela incentivamos, non lle pecha as portas ás novas tecnoloxías, pero segue promovendo propostas para que desfrutemos de coller un libro, de lelo en papel, de observar as súas ilustracións e mesmo animarnos a facer outras nós, de levalo á consulta do dentista e que a espera se faga máis curta, de contarllo a outras persoas... Son infinitas as posibilidades que nos ofrece. Non precisamos nada máis que ganas de facelo! Por iso as **mochilas viaxeiras** seguen visitando os vosos fogares, para que as abrades en familia e as vosas casas se enchan con esa experiencia compartida: algunha noticia das revistas pode dar pé a unha interesante

conversa que substitúa a televisión, podemos aprender un poema entre todas as persoas da casa e recitalo, ver a película, poñer o CD mentras imos no coche ou facemos o xantar na fin de semana, etc. Así, esas mochilas van facendo historia, en parte grazas ás vosas aportacións nos cadernos que nelas atopades. Outra parte desa historia temos que imaxinala, porque as mochilas non falan, non contan, pero estou segura de que, cando as empregamos dese xeito, cada vez que se abren rebotan de maxia!!!

Ademais das mochilas, este curso retomamos unha actividade que nos encanta e que durante a pandemia foi cancelada: o **club de lectura**. Nesta ocasión, ademais, recibimos unha axuda da Consellería para poder mercar os libros elixidos e para realizar algunha actividade relacionada con eles. É unha maneira estupenda de ler e compartir esa lectura, na que cada persoa expón a



**Os xurelos lectores** -así se chama o club de lectura-, formado polo alumnado de 5º e 6º, compartiron as lecturas de *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, e *O xenio da Cidade do Sal*, de Fina Casalderrey.

súa opinión e a través da cal aprendemos moito, ademais de pasalo ben, xa que é unha actividade voluntaria que se fai por pracer.



Os libros seleccionados para este curso foron os de dúas das persoas máis lidas nos clubs de lectura xuven de Galicia: Agustín Fernández Paz e Fina Casalderrey. No caso do primeiro, eliximos un libro (*Desde unha estrela distante*) que estaba algo relacionado co tema do proxecto, xa que a protagonista recibe a visita dun ser doutro planeta, co que vive unha aventura fascinante que transmite tamén un dos valores máis importantes da humanidade: a amizade.

En canto ao da escritora Fina Casalderrey, decantámonos pola súa última publicación (*O xenio da Cidade do Sal*), que entre outras sorpresas, contén un CD con música (*Mozart á galega*) que tamén soou en directo na nosa biblioteca, e ao que adicamos un artigo especial nesta revista.





E por outra parte está **Radio Rosiña**, cun exitazo entre o alumnado e tamén entre boa parte do profesorado. Os podcasts que se publicaron este curso foron moitísimos, e a través deles os diferentes grupos foron preparando programas sobre temas moi variados: o universo, as distintas celebracións realizadas no cole, os contos redactados por vós, programas especiais (sobre o sancosmeiro, as novas tecnoloxías, a muller e a ciencia), musicais, entrevistas, de lecer... Ademais, participades no proceso previo (quen fala, que di, como, etc.) e mesmo sodes capaces de manexar o equipamento para facer unha gravación.



Na imaxe, o alumnado de 3º e 4º de primaria, tras a emisión dun programa en cuxo proceso tamén participou Sergio (*Proxecto RTV Enxebre de Ayuda en Acción*) e para o cal convidaron a dous familiares do alumnado, que foron recibidos con moita ilusión por todo o grupo, pero en especial por Pablo e Anxo.

O programa, centrado nas ferverzas de Mazaricos, incluía un concurso no que Silvia e Javier amosaron ser grandes coñecedoras do tema.

Mentras tanto, en 1º e 2º de primaria gravaron unha historia que titularon *Cachorros perdidos*, que prepararon en grupo tamén co asesoramento de Sergio Pascual.





Mentras tanto, en 5º e 6º informáronse moito sobre unha enfermidade que padecen varias persoas da Costa da Morte, e entrevistaron a Manuel Rey, un divulgador científico que deu a coñecela a través de moitos estudos de investigación: a ataxia. Manuel falounos moito sobre esta enfermidade, coñecida tamén como *mal da Costa da Morte*. Así foi como titulou o

libro que sobre ela escribiu e que podedes levar en préstamo cando queirades, xa que Manuel agasallounos dous exemplares para a biblioteca.



Ademais destes programas tan especiais, o estudo de gravación é moi frecuentado tamén polos diferentes grupos e tamén se realizan gravacións fóra del para incluílas posteriormente. Nas imaxes podedes ver aos grupos de 5 anos de infantil e ao de 5º e 6º de primaria. Este último, ademais, é practicamente autónomo na radio.

A todo isto hai que engadir todas as demais actividades que iredes vendo na revista: contacontos, títeres, concertos, obradoiros e mesmo reunións, como esta que tivemos coas responsables de *Ayuda en Acción* para coñecer a vosa opinión sobre moitas cuestións relacionadas co noso cole. E é que na nosa biblioteca pode pasar de todo!



# EXCURSIÓN A CORUÑA PARA VER O CONCERTO, NO PALACIO DA ÓPERA, DE "ODAIKO"



O alumnado de 6º de Educación Infantil, xunto coa súa titora Patri, e o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria acompañados por Xavi e David, foron de excursión a Coruña para ver no **Palacio da Ópera** a actuación do grupo de percusión "ODAIKO".



Foi unha mañá maravillosa e divertidísima na que incluso participou algunha alumna no espectáculo, como Zaira ou Sofía a cal foi destinataria dun agasallo improvisado por parte dos

músicos: unha baqueta que escachou en pleno concerto!!!



# VISITAMOS A CASA DAS CIENCIAS



No ano en que o proxecto anual de centro xira entorno ao universo, non podía faltar unha saída á Casa das Ciencias en A Coruña con visita ao planetario incluída.

Esta ía ser a primeira saída do curso á que íamos acudir todo o cole, pero a COVID veu facer das súas e as nenas e nenos da aula de 5 anos tiveron que esperar ata a primavera para poder desfrutar dunha mañá entre estrelas, planetas, satélites e asteroides.



As nosas nenas e nenos non perderon detalle de todo o que nos proxectaron no planetario



E tampouco deixaron nada por probar, mirar, experimentar, nin xogar, que para iso son estas saídas, para volver cheos de novas experiencias.





Logo de tanto vaivén comprenderedes que na viaxe de volta algúns caeran rendidos...



# EXCURSIÓN A PONTEVEDRA

O alumnado de 5º e 6º fixo unha viaxe que xurdiu dentro das actividades do club de lectura, e que solicitamos ao *Proxecto Terra*. O destino: Pontevedra, a cidade do Lérez. A viaxe fixérona na compañía de Xavier e Susi, pero tamén de Uxía, unha guía profesional que lles foi amosando algunhas das zonas máis interesantes desta fermosa cidade.



No paseo pola cidade descubriron que en Pontevedra hai unha praza de toros, visitaron as ruínas do Convento de Santo Domingo (S. XIII), a oficina de información e turismo e a magnífica Basílica de Santa María (S. XVI), ademais de coñecer a historia do loro Ravachol.



Contan que entre 1891 e 1913, un famoso farmacéutico da cidade tiña este loro como animal de compañía. A súa simpatía conquistaba a calquera que o coñecía e en 1985 fixéronlle unha homenaxe. Desde entón, é un símbolo do Entroido de Pontevedra.







Visitaron o Museo de Pontevedra, onde coñeceron o Sexto Edificio (unha moderna ampliación do museo) e descubriron algunhas obras (debuxos e óleos) do grande Castelao.



Despois de xantar e xogar, continuaron viaxe ata Lourizán. Aquí atópase un enorme pazo de estilo modernista que non pode visitarse, pero o máis fermoso e interesante do lugar está ao seu redor: o xardín!!! Cheo de árbores chegadas de diferentes partes do mundo, é un lugar fabuloso para aprender tempo que conversaron sobre (magnolios, teixos, buxo, xigantes, etc.), pero sobre a maior colección de camelias e desfrutar paseando, ao árbores e plantas moi diversas cedros, araucarias, fentos todo... camelias! Aquí atópase centenarias de España!!!





A sombra dos magnolios e das camelias é un lugar idóneo para recuperar o folgo.



O pazo, que foi propiedade de Montero Ríos, non se atopa en moi bo estado, pero semella que están comezando as ansiadas obras de restauración, tan necesarias para conservar edificios tan importantes coma este, así coma o seu valiosísimo entorno.



A gruta dos espellos e o pombal foron tamén outros dos lugares que chamaron a atención das rapazas e rapaces de 5º e 6º, así coma o invernadoiro e a zona de árbores distribuídas por comunidades autónomas. Desde logo, esta foi unha viaxe inesquecible!!!

# A CORUÑA: CONCERTO “A VIAXE DE WALT” E VISITA AO ACUARIO

O día 13 de maio as alumnas e alumnos do centro visitaron a cidade de A Coruña por segunda vez este curso. As nenas e nenos de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria visitaron o Acuario, onde puideron ver distintas especies de animais mariños e aprender moitísimas cousas sobre eles.



Á súa vez, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria asistiron a un concerto no Palacio da Ópera onde un grupo de solistas acompañaban á Orquesta Sinfónica a interpretar algúns dos temas máis famosos das películas Disney, coma “O rei león” ou “Frozen”.



Ao rematar, foron camiñando pola cidade de A Coruña ata o Castelo de San Antón e, dende ahí, foron no autobús ata o monte de San Pedro, onde disfrutaron dunhas preciosas vistas.

# BENVIDOS AO CEIP VICTOR SAÉNZ

De esquerda a dereita presentamos a: María, Saúl, Aroa, Gael, Paula Cuns e Jimena, os novos alumnos de educación infantil que chegaron ao centro para enchelo aínda máis de alegría, inquietude, espontaneidade e de moita vida.




Todos os que formamos parte deste primeiro ano de cole esperamos que fósedes moi felices nel, tanto como a todos nós nos fixo irvos vendo medrar ao longo deste curso.



# PLANTACIÓN E RECOLLIDA DE PRODUCTOS

Este ano, ademais de traballar no invernadoiro coma sempre, tamén traballamos coas plantas nas aulas e no patio.

Un ano máis plantamos no invernadoiro diferentes verduras como leituga, repolo, cebolas... que despois recolleemos para comer no noso comedor.



Vendo as fotos  
podeses imaxinar  
que nos encanta  
eso de plantar,  
coidar e recoller  
as nosas plantas.



Pero non sei se nos gusta aínda máis recoller os amorodos, tomates e framboesas e comelas no momento.



A petición das cociñeiras fixemos semilleiros de perexil e zanahorias, xa que consumimos moitas no comedor. Como podedes ver non se nos dou mal. Mesmo naceu un aguacate ao plantar unha semente que nos deron as cociñeiras.



Todo isto permite que valoremos as plantas e alimentos que cultivamos e consumimos de forma natural. Así vemos e preocupámonos por todo o proceso de crecemento das plantas.

E como cada ano, tamén plantamos plantas para darlle unha pouca de cor ao patio.



## DESPEDIDA DE 6º

O alumnado de 6º remata a súa etapa en Primaria, e polo tanto despídese do CEIP Víctor Sáenz, o cole de San Cosme. Paula, Martina, Xoel, Mai, Sara, Brais e Aroa iniciarán en setembro unha nova experiencia nos institutos de A Picota, Santa Comba e Zas. Mais non quixeron marchar sen adicar este pequeno artigo a todas as lectoras da nosa revista.



*Todas ímos botar moito de menos o cole, este ambiente tan familiar, e moitas das actividades que nel fixemos: obradoiros, concursos, charlas, etc., e as excursións, que nos encantan!!! Levamos tamén un recordo especial da marabillosa biblioteca, na que hai libros moi divertidos e interesantes. E da radio, xa que fixemos moitos programas moi variados e ímos recordala cada vez que os escoítemos. Ademais, fixonos moita ilusión contar cun carné de técnic@ de radio! Tampouco esqueceremos que neste colexio aprendemos a estar felices e orgullosos/as de nós mesmos/as. Esa satisfacción medraba aínda máis cando gañabamos algún concurso, porque os premios sempre son ben recibidos... Tamén aprendemos a levarnos ben con todos/as e, como anécdota, confesarvos que foi neste cole onde algunha de nós probou por primeira vez o cuscús.*

*Pero sobre todo, ímos botar de menos ás persoas coas que compartimos moitos momentos: amigos/as, compañeiros/as, profesores/as, ás cocineiras, ao conserxe...*

*Por todo isto, non queremos despedirnos sen dicírvos: **GRAZAS POR TODO!!!***

# “AYUDA EN ACCIÓN”

## Grazas

**Ayuda en acción** é unha ONG (Organización Non Gubernamental) que dende o ano 1981 loita contra a pobreza e a desigualdade en vinte países de diferentes continentes. Dende fai 2 cursos colaboran connosco en diferentes actividades formativas para alumnado e profesorado e donaron equipamento informático: ordenadores portátiles e tablets. Neste curso continuamos con algunhas actividades iniciadas no curso pasado:

Así no primeiro trimestre, houbo continuidade do obradoiro de formación co alumnado de Primaria. Para isto seguimos contando con **Sergio Pascual**, de *Laboratorio de Radio*.

Tamén, no primeiro trimestre, houbo continuidade, con **José María Rivero**, psicólogo no desenvolvemento de obradoiros relacionados coas habilidades sociais (autoestima, respecto ás demais, comunicación, etc.) con todo o alumnado do cole.



Ao longo de todo o curso desenvolvéronse obradoiros de informática para o alumnado de 3º a 6º curso de primaria, en mércores alternos fora do horario escolar e impartidos por **Sandra**, da empresa Juguetón. Tiveron a actuación do mago **José Benigno** como colofón á actividade.





De cara ós vindeiros cursos, e enmarcado na **Estratexia de Educación**, “**unha escola que rompe barreiras**”

propuxéronnos continuar esta colaboración.

Así e a través de varias reunións co alumnado, profesorado, Anpa e servizos sociais do Concello e para coñecer a

situación actual do centro e as nosas necesidades elaboraron un **diagnóstico** e posteriormente un **plan de acción** para os vindeiros cursos que estamos acabando de perfilar e que avanza liñas de colaboración en varios ámbitos: formación alumnado e profesorado, obradoiros de ioga, emocións, novas tecnoloxías, modificacións de espazos...

Esta axuda que nos están prestando é fundamental para que neste centro sigamos cohesionando a toda a comunidade educativa e prestando unha educación inclusiva de calidade a todo alumnado.

***Moitas grazas a Axuda en Acción e a Iciar, Bea, Lorena e Jenni.***



# “NON Á GUERRA”



Este é o lema que a rapazada do noso colexio escribiu nas ventás, amosando así o seu rechazo hacia a violencia.

Cada curso fixo diferentes actividades para conseguir..., máis que centrarnos na guerra, centrarnos na importancia da paz, intentando así rebaixar o nivel de medo, ansiedade e violencia tendo en conta que son rapaces que viviron unha pandemia mundial, un confinamento e todo o que isto trouxo ás súas vidas.

Este día tamén se fixo un acto conxunto, onde se colaborou na recadación de fondos impulsada por «Save the Children», onde se leu un manifesto e bailouse unha canción do folclore Ucraíno «*Oi uhaiu*».

En hora boa a estes grandes rapaces, que durante a pandemia foron uns heroes e durante esta guerra están mostrando a súa empatía e solidariedade sen limite.



# “CONCERTOS DE PACO NOGUEIRAS”



Este curso tivemos o pracer, de ter a **Paco Nogueiras** dúas veces no noso cole.

O primeiro día que desfrutamos do seu espectáculo foi pola conmemoración do “Día



mundial da radio”, facéndonos pasar un rato moi agradade con “**Radio bulebule**”, onde vivimos a radio en directo, nun divertidísimo programa cheo de humor, baile e cancións.



Paco Nogueiras co seu tradicional chapeu azul fíxonos abrir ben as orellas

para escoitar e participar na súa radio cantante, ambulante..., transmitindo para o mundo en linguaxe universal, porque dentro dela soa o universo todo porque dentro dela todo o universo é música.

A segunda ocasión na que Paco Nogueiras estivo no cole foi para traernos “**Brinca vai**”... e coma o título dí, o seu obxectivo foi facernos brincar, divertirnos, desfrutar en compañía.



Baixo os diferentes estilos musicais coma o rock, reggea, pop, esconde letras que van dende a amizade, igualdade e como non as nosas festas tradicionais das que tanto desfrutamos neste cole. Paco Nogueiras, grazas por facernos brincar!.



# UN CONCERTO MOI ESPECIAL

No mes de abril recibimos con moita emoción a visita de Luís Soto. Luís é un músico que toca a frauta na Real Filharmonía de Galicia, e a quen coñecemos o ano que no cole adicamos á música. Luís quedou encantado de coñecernos, e visitounos noutra segunda ocasión, igualmente de conmovedora. Este curso veu de novo, e ademais acompañado de tres músicos profesionais que tamén forman parte da citada orquestra: Nikolay Velikov (violín), Ioana Ciobotaru (viola) e Millán Abeledo (violoncello).



Este cuarteto interpretou na nosa biblioteca un concerto moi especial: *Mozart á galega*, un proxecto que xurdiu da idea de xuntar os *Cuartetos para frauta e trío de cordas* de W. A. Mozart con temas tradicionais galegos, ao tempo que se contaba a historia deste sorprendente músico. Os creadores desta aventura son,

na parte musical, o propio Luís Soto e, na parte narrativa, Fina Casalderrey, a escritora pontevedresa que tantos títulos adicou ás lectoras e lectores xuvenís. Esta creación reuniuse no libro *O xenio da Cidade do Sal*, que foi unha das obras que leron este curso no club de lectura.

Tendo en conta todo isto, e aproveitando que Xavier, o director do cole, coñece a Luís desde hai tempo, organizaron este espectáculo marabilloso e inesquecible, no que ademais de escoitar música de grandísima calidade, os músicos tiveron un xesto cheo de bondade: permitir que as nenas e nenos puideran achegarse aos seus instrumentos e mesmo facelos soar! Todo un privilexio!!!





O violoncello foi un dos instrumentos que máis chamou a nosa atención, xa que Millán imitou con el o son dalgúns coñecidos animais, sorprendendo a máis dunha persoa.

Ademais, no momento de probalos, cada músico explicou moi ben como colocar o instrumento e como coller o arco para facelo soar. Tamén nos descubriron que a súa cinta está feita con pelos de cola de cabalo, e que a peza interior que soporta a presión das cordas recibe o fermoso nome de alma.



As primeiras persoas en animarse a probar estes instrumentos foron as de infantil e 1º e 2º de primaria, aínda que finalmente non quedou ninguén sen agarrar un.



Ao finalizar, Luís contoulles un segredo ás nenas e nenos do club de lectura: na historia narrada por Fina Casalderrey aparece el, así que cando leades o libro, xa tedes unha curiosidade máis para desfrutar desa magnífica novela.



# VISITA AO CGAC E O PARLAMENTO DE GALICIA

O 7 de xuño en Santiago de Compostela realizamos a nosa última saída do curso antes da tan ansiada convivencia.

Desta vez aos máis pequenos do cole tocoulles achegarse á arte contemporáneo, aínda que a veces esta parece ser un arte difícil de comprender, para eles foi moito máis accesible e interesante gracias a axuda de Rebeca e Susana, as monitoras



que acompañaron aos grupos de educación infantil, 1º e 2º de primaria.

Xunto con elas as nenas e os nenos metéronse dentro de cadros, imaxinaron

que estaría a pasar dentro de outros, descubriron a arte abstracta creada con obxectos do seu día a día, e ata crearon as súas propias obras nunha das salas do museo, rodeados de arte!



Logo de tanto darlle á cabeza imaxinando tocoulle traballar aos nosos pes e poñernos en marcha para chegar ao noso destino final, a Alameda,

pero polo camiño aproveitamos para facer dúas paradas obrigadas, ver a Catedral e saudar ás dúas Marías, e parece que fixeron boas migas coas nosas rapazas.



Xa na Alameda nos esperaba a comida e a recompensa á nosa andaina, o tempo de xogo no parque, e vai se o disfrutaron!



Por outra banda, o alumnado de 3º a 6º de Primaria, ademais de visitar o CESGA viviu unha experiencia inesquecible nun lugar que moitas persoas coñecen a través dos medios de comunicación, pero ao que poucas tiveron a oportunidade de acceder: o Parlamento de Galicia. A invitación veu da man das ONG *Ayuda en Acción* e *Educo*, que nos propuxeron participar nun pleno enmarcado nas accións de apoio á *Campaña Mundial pola Educación*, iniciativa que busca sensibilizar e acadar o compromiso da cidadanía e a representación política coa formación dos rapaces e rapazas de todo o mundo. Representantes de diferentes centros galegos tiveron a oportunidade de expresar as súas inquietudes, reflexións e propostas diante dos portavoces dos diferentes partidos políticos alí presentes. No noso cole ese papel desempeñárono Soraya e Guille, de 5º de Primaria, que o fixeron extraordinariamente ben. O discurso, preparado entre todas as persoas do grupo de 5º e 6º, estaba centrado nunha breve descrición do noso cole, a partir da cal solicitaban melloras necesarias para que sexa un centro inclusivo (rampas, patios máis naturais, recursos gratuítos...). Remataron a súa intervención lanzando catro preguntas moi interesantes ás autoridades: en que sitios de Galicia vedes que falta acceso á educación?; fariades algo ante ese problema?; cales son as causas principais para pechar unha escola?; credes que as escolas das cidades son prioritarias ás do rural?



*Soraya e Guille ocupando os seus sillóns no Parlamento.*





# XORNADA DE CONVIVENCIA NA PRAIA DE BALARÉS



Despois de todo este tempo de pandemia, por fin poidemos retomar a nosa **XORNADA DE CONVIVENCIA** toda a Comunidade Educativa xunta e algúns invitados.

Hoxe, acompañados dun maravilloso día, fixemos tanto grandes coma pequenos unha ruta de sendeirismo. Os pequenos por Cabana

e os maiores por Ponteceso, acompañados dun guía maravilloso, Javier (Concello de Ponteceso), para rematar todos a andaina na praia de Balarés.

Despois dun pouco de tempo xogando na praia, xantamos no pinar pizzas e empanadas, e de



postre xeadado e cereixas.

Como colofón, tivemos a gran sorte de disfrutar do **Trío de Cordas e fruta traveseira** de **Real Filharmonía de Galicia**, que xa estiveran no colexio e do que tanto disfrutáramos. Gracias a Luís, Millán, Ioana e Nikolai (e ao seu manager “Rogelio”) por facer as delicias dos presentes co seu repertorio de

Mozart. Tamén nos acompañaron neste día Jeni e Lorena, compañeiras da ONG Ayuda en Acción. ***Aplausos merecidos para todos e todas!!!***

# XORNADA DE CONVIVENCIA "BALARÉS" 22

